



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS PARA O 23 DE FEBREIRO
(EXPEDIENTE: 2024/G012/000005)

EXPEDIENTE:2024/G003/000141

ANTECEDENTES

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais

O artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as contas e a documentación complementaria estarán á disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigo 113 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

- Artigo 212.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Comisión Especial de Contas**, sesión extraordinaria, na sala de sesións da Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, **o 23/02/2024, ás 10:00 h**, en primeira convocatoria e procederáse en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do ROF.

ORDE DO DÍA

1 2024/X999/000047. Ditame, se procede, da Proposta de Alcaldía do Recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2024

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados, así como á secretaria e ao interventor do Concello, indicándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría os antecedentes relacionados co asunto da Orde do día.

Ponteceso, 15 de xaneiro de 2024

O alcalde
A secretaria

Dou fe (art. 3.2 do R. D. 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Documento asinado dixitalmente na marxe